

### ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 28 de xullo de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 21 de xullo de 2021.
2. Dáse conta da modificación das bases de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade da preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
3. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
4. Dáse conta das bases e convocatoria de subvencións para o ano 2021 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
5. Dáse conta do anticipo do primeiro pago con cargo ó P lan concellos 2021 – Liña 3, con destino á contratación de 13 traballadores/as.
6. Dáse conta da concesión de subvención con destino ó proxecto “Urbanización da travesía República Argentina”, con cargo ó Plan Concellos 2021, da Deputación de Pontevedra.
7. Dáse conta da concesión de subvención para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, da Consellería de Emprego e Igualdade, con destino á obra ou servizo “Apoyo ao servizo de obras públicas”.
8. Dáse conta da concesión de anticipo do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con destino ó proxecto de “Mantemento da estrada das Pasás entre Xermade e Xuncal (Ardán)”.
9. Dáse conta da sinatura do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Marín para a construción do novo equipamento sociocultural”.
10. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Urbanización da travesía República Arxentina. Concello de Marín”, con cargo ó Plan Concellos 2021.
11. Acórdase o inicio do expediente de contratación do servizo de “Asesoría xurídica para o Centro de Información Á muller do Concello de Marín”.
12. Apróbase o proxecto de “Humanización da contorna do Mercado Municipal de Seixo. Marín (Pontevedra)”.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50008B75C00G9X0L7Q3O2D0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20210571228</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ- Alcaldesa - 29/07/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2021 12:58:40	Fecha: 29/07/2021 Hora: 12:58



13. Acórdase solicitar unha subvención á Deputación de Pontevedra con cargo ao Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19, programa REAPCON, con destino ó investimento “Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo. Marín (Pontevedra)”.
14. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo. Marín (Pontevedra)”.
15. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50008B75C00G9X0L7Q3O2D0 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 29/07/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/07/2021 12:58:40</p>	<p>DOCUMENTO 20210571228 Fecha: 29/07/2021 Hora: 12:58</p>
--	--	--

